



## CONVENIO DO CONCELLO DE REDONDELA COA ASOCIACIÓN CULTURAL E SOCIAL DE CHAPELA.

En Redondela, a 8 de decembro de 2025

### REUNIDOS

Dunha parte a Alcaldesa do Concello de Redondela, dona Digna Rosa Rivas Gómez, na representación que ostenta en virtude dos artigos 21.1 b) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De outra, Dona María del Carmen Rodríguez Riba, con DNI 36081931Z que ostenta a Presidencia da Asociación Cultural e Social de Chapela con CIF G36163863, e enderezo en Piñeiral nº 22, Edif. Multiusos, 36620 Chapela, Redondela, cuxa representación manifesta neste acto.

Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que a tal efecto.

### EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Redondela ten competencia en materia de Promoción da cultura e equipamentos culturais; todo elo segundo establece a letra m) do apartado segundo do artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ademais, de conformidade co artigo 25.1 do mesmo texto legal, os Municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal

SEGUNDO.- Que a Asociación Cultural e Social de Chapela constituíse no ano 1995, e figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 34. Que de conformidade co sinalado no artigo segundo dos seus estatutos a Asociación Cultural e Social de Chapela ten coma fin ou obxectivo entre outros o de a "...Escola de Música... as clases de piano..." (artigo 2º), ubicada nos baixos do pavillón polideportivo de Chapela, de titularidade municipal, e para cuxo uso conta co correspondente acordo municipal de cesión de uso.

Que sendo os obxectivos sinalados de marcado interese público e social, é propósito de ámbalas dúas partes colaborar na consecución e logro das mesmas polo que subscriben o presente convenio con arranxo ós seguintes

### ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Que a Asociación Cultural e Social de Chapela presenta:

- a) Cumprimento dos requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894





- b) Certificación de estar ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- c) Declaración responsable respecto a obriga contida no artigo 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- d) Declaración responsable de non ter solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas

SEGUNDO.- A Asociación Cultural e Social de Chapela dende o ano 1995 xestiona a escola de música de Chapela, actividade que ven mantendo ininterrompidamente dende entón, e agora sita en dependencias de titularidade municipal como anteriormente quedou dito. Esta actividade vai redundar en beneficio dos veciños de Redondela, e máis nomeadamente da parroquia de Chapela, como acreditan os máis de 167 alumnos matriculados no curso 2016-2017, 212 no curso 2017-2018, 193 no curso 2018-2019, 207 no curso 2019-2020, 200 no curso 2020-2021, 228 no curso 2021-2022, 228 no curso 2022-2023, 196 no curso 2023-2024 e 196 no curso 2024-2025 que van ter oportunidade de acceder a unha formación musical de alta calidade, na proximidade dos seus domicilios, sen ter que se desprazar a outras localidades, como Vigo, Pontevedra ou a capital municipal.

Debido ás características singulares e propias desta oferta cultural non é posible encadrar esta subvención dentro dun procedemento de concesión de subvencións de concorrencia.

En virtude do anteriormente exposto, o Concello de Redondela e a Asociación Cultural e Social de Chapela acordan subscribir un convenio de colaboración con base nas seguintes:

### CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Que a Asociación Cultural e Social de Chapela está interesada en recibir unha achega por parte do Concello de Redondela co obxecto de poder sufragar parte dos gastos que implica a xestión e sostemento da Escola de Música de Chapela. Patrocinio que se encadra dentro da xa extensa labor, dentro das súas posibilidades, que se realiza por parte do Concello no ámbito da prestación de servizos no ámbito da cultura.

SEGUNDA.- Que o Concello de Redondela está interesado en mellorar a xestión desta Escola de Música, ao ser a única que cobre unha forte demanda de formación musical regrada e de calidade nunha parroquia como a de Chapela, cuxa poboación é equivalente á da capital municipal, Redondela, vila que xa conta cunha oferta docente musical propia, todo elo dentro da competencia xenérica do Itmo. Concello de Redondela para satisfacer todo tipo de necesidades veciñais que lles outorga o artigo 25.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRA.- Tal como se establece no punto anterior, estando o Concello de Redondela interesado na promoción, difusión e mellora de dita actividade cultural e docente, e como se di na exposición segunda, tendo a realización desta actividade unha importante repercusión nos eidos social e cultural do municipio, é por elo que se

### **Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894





demostra deste xeito o interese social polo que o Concello de Redondela ven de decidir de asinar un convenio coa Asociación Cultural e Social de Chapela.

Así, no Acordo aprobado polo Pleno do Concello en data de 29 de febreiro de 2024 e publicado o día 9 de abril no boletín oficial da provincia de aprobación de diferentes subvencións nominativas para o ano 2024, recóllese a aplicación orzamentaria 3341A.48900 para o outorgamento da subvención. Con posterioridade e por acordo de **Resolución da Alcaldía número 2024-3159 de data 6 de novembro**, aprobouse outorgar unha subvención por importe de **39.000 € (TRINTA E NOVE MIL EUROS)** a cal articularase, atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.

CUARTA.- A Asociación Cultural e Social de Chapela comprométese a seguir realizando as actividades antes mencionadas, coma ata agora veñen facendo e en concreto a:

- a) Xestionar e dirixir a Escola de Música de Chapela, ofertando un número de prazas acorde coa capacidade das instalacións nas que se ubica a referida escola.
- b) Ofertar unha formación musical regrada completa acorde cun plan de estudos aprobado anualmente, contando para elo co persoal docente apropiado, con competencia contrastada e en número suficiente para atender a demanda por parte do alumnado. A contratación deste profesorado será acorde coa lexislación vixente en materia de contratación.
- c) Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que a mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela. As mencións deberán efectuarse en lingua galega. A Asociación comprométese a unha utilización respectuosa do nome e da imaxe do Concello de Redondela.
- d) Deberá colocarse unha placa ou un adhesivo no local da asociación co escudo do Concello de Redondela e a lenda "Concello de Redondela" que deberá manterse polo menos un ano dende a data de finalización da xustificación deste convenio.
- e) A presentar calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación co outorgamento da subvención.
- f) A facer un uso responsable das instalacións, medios ou recursos, que no seu caso, poña a súa disposición o Concello sen causar danos nos mesmos.

QUINTA.- Así mesmo comprométese a cumprir coas obrigas dos beneficiarios establecidas na lexislación aplicable que se recollen como anexo deste convenio e en especial a aportar facturas ou documentos substitutivos de facturas (tales coma nóminas), orixinais ou debidamente compulsadas, polo menos, polo importe de 39.000 € (TRINTA E NOVE MIL EUROS) co obxecto de verificar que a actividade desenvólvese e que o importe concedido non supera o custe das actividades desenvolvidas. Así mesmo, a xustificación so se poderá referir a gastos realizados

---

### Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894





para sufragar o obxecto deste convenio e que foron efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo nos casos dos pagamentos a conta. No caso de que ó finalizar o prazo para a xustificación, non se xustificara a totalidade da subvención procederase automaticamente á anulación da subvención pola parte non xustificada.

As facturas que se presenten para a xustificación deberán ser emitidas conforme ó establecido legalmente no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro. En caso contrario, a factura non contará para a xustificación. Con carácter xeral, a xustificación terá unha relación directa coas actividades subvencionadas, en concreto na contratación do profesorado, persoal de dirección e xestión, pagamento de subministros, seguros de responsabilidade civil e danos e, en xeral, material non inventariable preciso para a xestión do centro. As facturas que se presenten na xustificación deberán atoparse pagadas e aportar o xustificante bancario das mesmas. **Non se aceptarán como xustificación facturas pagadas en efectivo.** Os gastos xustificables non poderán ter o carácter de investimento, coma instrumentos, e deberá xustificarse o seu pagamento agás as retencións de IRPF. No caso de que se presenten copias das facturas, aparte de que estas deberán estar debidamente compulsadas, o beneficiario deberá presentar as facturas orixinais para que sexan seladas polo Concello onde se faga constar que a factura utilizouse para xustificar unha subvención. A documentación que se presente na xustificación, deberá atoparse pagada.

En caso de que a xustificación se realice mediante documentos substitutivos de facturas deberá poñerse de manifesto as razóns polas que non se pode xustificar o gasto con facturas. A apreciación deste feito será realizada polo órgano que aprobe a xustificación. En caso de que non este conforme coa xustificación requirirá á Asociación Cultural e Social de Chapela a que presente outra xustificación de acordo co establecido na lexislación pertinente.

Na xustificación do gasto mediante nóminas, estas deberán vir acompañadas dun certificado da/o Secretaria/o da Asociación no que se estableza cal é porcentaxe do importe da devandita (s) nómina (s) que se imputa (n) á xustificación. A xustificación de gastos salariais non serán admisibles se estes se refiren a persoal que se atope en situación de incapacidade temporal se esta supera o mes ou en ERTE.

Para o caso de xustificación de seguros sociais a cargo da entidade beneficiaria presentarase a relación nominal de persoas traballadoras e o recibo de liquidación de cotizacións dos meses que se presenten na xustificación da subvención e se non se deduce claramente da documentación, deberá constar certificado da/o secretaria/o no que se estableza a contía imputable á xustificación. Este importe deberá ser acorde coa cantidade imputada do salario da/o empregada/o.

Se a xustificación non alcanza a cantidade mínima necesaria para realizar o pago da cantidade concedida, esta se reducirá proporcionalmente á cantidade xustificada, procedendo automaticamente á anulación da subvención non xustificada.

Os libramentos dos fondos realizarase a medida que se vaia xustificando o gasto. O prazo máximo para a xustificación será o 30 de decembro.

---

## Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894





**Así mesmo, coa xustificación da subvención a Asociación Cultural e Social de Chapela deberá presentar:**

1. Memoria detallada da actividade realizada en que consistiu, e o número de alumnos da citada escola.
2. Que as facturas se axustan á finalidade recollida no convenio.
3. Que non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención.
4. Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Redondela.
5. Certificado de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
6. Que non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.
7. Unha certificación de atoparse ó corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións.
8. Unha declaración de que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.
9. Que se cumpriron as obrigas recollidas na cláusula IV, especialmente a referida a que consta na publicidade ou calquera documentación impresa a actividade subvencionada o nome e o escudo do Concello.

10. O gasto total que tivo que asumir a entidade beneficiaria

11 .A conta xustificativa da subvención deberá presentar a relación total de gastos e de ingresos xerados tanto para a celebración do festival percibidos a través doutras Administracións Públicas, venda de entradas, donacións, publicidade, venda de produtos, comida ou bebidas, etc., que se xeren co mesmo. De xeito que de resultar un beneficio, a subvención minorarase na parte proporcional.

A xustificación de ditos ingresos, deberá presentarse coa documentación correspondente. (Resolucións de concesións de subvencións, ingresos bancarios de publicidade, alquileres, declaración de impostos, etc.)

Previamente á aprobación do gasto, a área de cultura procederá á valoración de se, coa xustificación presentada pola Asociación se cumpre coa finalidade básica da subvención.

Por último a Asociación Cultural e Social de Chapela comprométese a non participar na concesión de subvencións que podería outorgar o Iltmo. Concello de Redondela conforme ás Bases de subvencións aprobadas no seu día pola Alcaldía ou órgano competente mentres dure a vixencia deste convenio pola mesma actividade que se recolle neste documento.

**SEXTA.- O Concello de Redondela responsabilízase de:**

- Tramitar a xustificación que presente no seu momento a Asociación.
- Colaborar para a boa execución deste convenio.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894





- Asumir únicamente o compromiso económico que se recolle na cláusula terceira, imputándose ó exercicio orzamentario do ano 2025.

Debido ás características deste convenio, non é necesario establecer consecuencias no caso de incumprimento dos compromisos asumidos por cada parte, mais alá de que exista algún desperfecto nas instalacións, medios ou recursos, que no seu caso, puxera a súa disposición o Concello.

SÉTIMA.- A Asociación Cultural e Social de Chapela é a única responsable de cantos danos, tantos físicos coma materiais, poidan ocasionarse ó Concello de Redondela e sexan consecuencia directa ou indirecta do uso ou actividade desenvolvida na realización da(s) actuación(s) pola que se concede esta subvención, quedando exento de toda responsabilidade o Concello.

Así mesmo, a Asociación Cultural e Social de Chapela asume a responsabilidade civil derivada da realización da(s) actuación(s), polo que o Concello de Redondela quedará exento de toda responsabilidade.

Igualmente, o Concello de Redondela quedará exento de toda responsabilidade derivada de actos do persoal dependente da devandita entidade e de calquera persoa con quen esta se relacione.

Se o Concello fora condenado como responsable civil en procedemento civil ou penal, repercutirá a contía total á que ascende o fallo da sentenza á Asociación Cultural e Social de Chapela.

OITAVA.- Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as outorgadas polo Concello de Redondela. A sinatura do presente convenio suporá o recoñecemento por parte da representante da Asociación Cultural e Social de Chapela de que o importe total das subvencións obtidas, incluída á que se refire este convenio, das diferentes Administracións Públicas, non supere o custe das actividades a desenvolver polo beneficiario.

NOVENA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- A Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Redondela.

---

### Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894





- As Bases de Execución do Orzamento do Iltmo. Concello de Redondela.
- Con carácter supletorio o Dereito Administrativo

DÉCIMA.- A Asociación Cultural e Social de Chapela queda expresamente comprometida/o e coñece todo o establecido nos Títulos II, III e IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións referidas ó reintegro de subvencións, control financeiro de subvencións e infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

UNDÉCIMA.- Este Convenio ten carácter administrativo e a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia deste. Corresponderá á Alcaldesa de Redondela a interpretación, modificación e resolución do convenio. As posibles modificacións realizaranse a proposta do Concello de Redondela e sempre e cando conte con informes favorables. Para o cumprimento da letra f) do artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establécese a existencia dunha comisión paritaria na que a actuación do Concello deberá contar con informes favorables. O período de vixencia deste convenio finalizará coa aprobación da xustificación.

DUODÉCIMA.- Con respecto aos datos de carácter persoal que puideran derivarse da execución do presente convenio, as partes asinantes quedan expresamente obrigadas ao cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia do convenio.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.

O responsable do tratamento dos datos será o Concello de Redondela, podendo a Asociación Cultural e Social de Chapela exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Redondela.

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Conforme co mesmo o firman as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

A ALCALDESA  
DO CONCELLO  
DE REDONDELA

A PRESIDENTA DA  
ASOCIACIÓN CULTURAL E SOCIAL  
DE CHAPELA

Asdo: Digna Rosa Rivas Gómez

Asdo: María del Carmen Rodríguez Riba





## Anexo ó convenio no que se recollen as obrigas do beneficiario desta subvención

- 1.- Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.
- 2.- Xustificar ante o Concello de Redondela, o cumprimento dos requisitos e condicións, así coma a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
- 3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- 4.- Comunicar ó Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto coma se coñeza.
- 5.- Acreditar que está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.
- 6.- Dispor dos libros, rexistros e/o documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ó beneficiario ou perceptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- 7.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- 8.- Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, ca mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela.
- 9.- Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 10.- Con carácter xeral, deberán desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.
- 11.- As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Polo que se refire á xustificación dos gastos é unha das obrigas de todo beneficiario co Concello de Redondela. Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e no seu caso, correspondentes ó período para o que esta foi concedida. As facturas deberán conter os seguintes datos:

- a) Emisión á persoa ou entidade beneficiaria, con especificación do seu N.I.F. ou C.I.F., domicilio fiscal, localidade e código postal e o Departamento ou Servizo destinatario da prestación.
- b) Identificación completa do provedor ou contratista, especificando alomenos, en todo caso, a súa denominación, N.I.F. ou C.I.F., domicilio fiscal, localidade e código postal.
- c) Número de factura.

---

### **Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894





- d) Lugar e data de emisión da factura.
- e) Descrición suficiente do subministro realizado ou do servizo prestado, con detalle das unidades obxecto do servizo ou subministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do Imposto sobre o Valor Engadido.
- f) Período que corresponda.



